

cim muxía



25N MUXÍA. Conmemoración Día Internacional contra Violencia de Xénero

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

-Do 21 ao 27 de novembro. Iluminación de morado da Casa Consistorial.

- 25 de novembro

Ás 12 AM realizarase unha concentración diante do concello, aberta a toda a veciñanza, na que tamén participará o alumnado do IES Ramón Caamaño e Deportistas Muxianas contra a violencia no deporte .

Ao acto asistirá o alcalde, Santiago Toba e a concelleira de Igualdade, Olalla Benloch, que lerá o manifesto institucional.

-TEATRO: "Costureiras"

Multiusos da Camposa. Concello de Muxía.

Sábado, 26 de novembro, ás 20.00 horas

Sinopse:

Costureiras é unha función de narración oral a dúas bandas entre unha abadinesa afincada en Compostela e un cervense afincado na Coruña. Unha conversa desnortada de dous norteños: Ángeles Goás e Felipe Díaz(Caxoto). Dende os recordos da infancia, dende as historias recollidas, dende a mirada actual da narración oral, ...estes dous narradores comezan unha viaxe onde os contos se preguntan e responden a si mesmos.

A vida das costureiras era a vida de mulleres en casas alleas mentres levaban a cabo a súa laboura. Era a vida nos camiños dunha casa á outra. Enriba das súas cabezas carregaban a máquina de coser e debaixo da máquina; mil cousas que pensar...mil cousas que contar.

Un diálogo entre 2 namorados da palabra contada e o público onde o tempo pasa sen deixarse sentir...entre puntada e puntada, cosendo un espectáculo a partires de retais de vida.

-Exposición fotográfica: EXPRES-ARTE: 15 VISIONS.

Do 10 ao 22 de novembro.

Horario: 11.00-13.00

Lugar: Multiusos a Camposa.

Beneficiarios/as: alumnado do IES Ramón Caamaño e público en xeral.

Financiada: Secretaría Xeral de Igualdade dentro do programa de actividades que ofertan ás entidades locais en colaboración coa FEGAMP



-Campaña *DE FRONTE á violencia de xénero.* Deputación da Coruña

Enlace as distintas actividades: <https://defronte.gal/actividades/>

- Xogo interactivo dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria *Canto sabes sobre violencias dixitais?* coa súa correspondente guía didáctica.
- **Ciberquedada para alumnado da ESO.** O 23 de novembro ás 10.30 h celebraremos unha *ciberquedada* con máis de 20 insitutos da provincia onde proxectaremos 3 micro vídeos que reflicten situacións de violencias dixitais e que alimentarán o debate guiado pola especialista Priscila Retamozo.

-Partido de fútbol sala contra a violencia no deporte.

Deportistas Muxianas contra equipo local.